



## Concello de Oza-Cesuras

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

#### **AMPLIACIÓN PLAZO DE XUSTIFICACIÓN DA 2ª CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19 DIRIXIDA ÁS COMUNIDADES DE BENS, SOCIEDADES CIVÍS E PERSOAS FÍSICAS AUTÓNOMAS EN ACTIVO QUE PRESTEN DETERMINADOS SERVIZOS E/OU ACTIVIDADES NO TERMO MUNICIPAL DE OZA-CESURAS**

Por acordo da Xunta de Goberno Local deste concello en sesión celebrada o pasado 25 de maio de 2020 acordouse aprobar as bases do 21 de maio de 2020 reguladoras da 2ª convocatoria para a concesión de axudas económicas para paliar a merma económica dos ingresos das comunidades de bens, sociedades civís – das que a totalidade dos seus comeneiros e socios estean empadroados no concello de Oza-Cesuras - e persoas físicas autónomas en activo así como das súas familias que presten determinados servizos e/ou actividades que se describen na base 1ª.1 das reguladoras da dita convocatoria no termo municipal de Oza-Cesuras como consecuencia dos efectos da crise sanitaria e económica derivada do COVID-19. As ditas bases foron publicadas na páxina web do concello de Oza-Cesuras o pasado 25 de maio de 2020 e o prazo de solicitudes de participación permanece aberto dende as 0:00 horas do 25 de maio de 2020 ata as 23:59 horas do 3 de xuño de 2020 (ambos inclusive).

Por resolución da Alcaldía do 2 de xuño de 2020 acordouse, entre outros, ampliar o prazo de presentación de solicitudes de subvención ata as 23:59 horas do 9 de xuño de 2020 (ambos inclusive).

A base reguladora 9.1 establece que *“O prazo para presentar a xustificación da subvención comenza a contar dende o día seguinte á notificación da concesión da subvención, e rematará o 1 de outubro de 2020”* e no modelo incluído no anexo II *“Conta xustificativa”* se indica igualmente dito prazo.

O Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, establece a posibilidade de que o órgano concedente das subvencións outorgue, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para presentar a xustificación, que non excederá da metade deste e sempre que non se perxudiquen dereitos de terceiros.

No artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se indica que a ampliación poderá acordarse de oficio ou a instancia de parte antes do vencemento do prazo de que se trate e se as circunstancias o aconsellan.

En consecuencia, tendo en conta que a data de xustificación remata o día 1 de outubro de 2020, a existencia de numerosas subsanacións que foi necesario requerir no expediente que provocaron retrasos respecto dos prazos inicialmente previsto para a instrución e concesión das axudas, esta Alcaldía, en uso das facultades que legalmente lle corresponden, e pola razóns anteriormente expostas,

#### **ACORDA:**

**Primeiro:** Modificar a data límite de xustificación establecida na base 9.1 das reguladoras da 2ª convocatoria para a concesión de axudas económicas para paliar a merma económica dos





## Concello de Oza-Cesuras

---

ingresos das comunidades de bens, sociedades civís – das que a totalidade dos seus comuneiros e socios estean empadroados no concello de Oza-Cesuras - e persoas físicas autónomas en activo así como das súas familias que presten determinados servizos e/ou actividades que se describen na base 1ª.1 das reguladoras da dita convocatoria no termo municipal de Oza-Cesuras como consecuencia dos efectos da crise sanitaria e económica derivada do COVID-19, ampliando o prazo de presentación da documentación xustificativa que rematará o 15 de novembro de 2020.

**Segundo:** Modificar a mención incluída no modelo incluído anexo II denominado conta xustificativa indicando que “O prazo para presentar a xustificación da xustificación da subvención rematará o 15 de novembro de 2020”

**Terceiro:** Publicar a presente resolución na páxina web oficial do concello para xeral coñecemento e aos efectos oportunos.

En Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica/s

O ALCALDE

Asdo./ José Pablo González Cacheiro

Dou fe,

O SECRETARIO-INTERVENTOR

Asdo./ José C. Sánchez Presedo

